

Noticia:<http://www.xornal.com/article.php3?sid=20070630134850>

O Día das Letras Galegas 2008 estará adicado a Xosé María Álvarez Blázquez

A obra narrativa en galego de Xosé María Álvarez Blázquez é breve.
(Sábado, 30 de junio de 2007)

XORNAL I A Coruña.- O Plenario da Real Academia Galega, reunido en sesión ordinaria o día 30 de xuño de 2007 acordou dedicar o Día das Letras Galegas de 2008 ao egrexio tudense Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915 - Vigo, 1985). Así mesmo, nomeouse Académico de Honra da Real Academia Galega a John Rutherford (Saint Albans, Inglaterra, 1941).

Xosé María Álvarez Blázquez publicou en vida tres [libros](#) de versos: Poemas de ti e de min (1949), Roseira do teu mencer (1950) e Canle segredo (1976). Se Poemas de ti e de min paga un belo tributo ao popularismo, ao imaxinismo e ao neotrobadorismo, Roseira do teu mencer, constitúese como un libro profundamente conmovedor, pois ninguén ten cantado tan altamente na nosa lingua a emoción da paternidade. En canto a Canle segredo, é un libro grave, sabio e fondo do que Ferrín dixo que se se publicara no tempo en que foi escrito tería sido o sinal dun cambio de rumbo da poesía galega.

A obra narrativa en galego de Xosé María Álvarez Blázquez é de menor importancia, non por calidade, senón pola súa extrema brevidade. Perdidos os relatos d'Os ruíns que ía publicar Ánxel Casal en 1936, os cinco contos de A pega rabilonga, de feitío moi clásico, son practicamente a súa totalidade.

Xosé María Álvarez Blázquez foi o exemplo perfecto do que antes se chamaba, e aínda se chama ás veces, un polígrafo. A historia xeral e local, a arqueoloxía, a literatura, foron só algunhas das erudicións que cultivou.

Erudito non aséptico, senón patriota, Xosé María Álvarez Blázquez -que ingresou na Real Academia Galega cun discurso sobre Cantares e romances vellos prosificados- realizou importantes achegas en materia de literatura popular e culta, de arqueoloxía, de historia, de etnografía, e pronunciou innumerables conferencias e discursos, entre os cales cómpre salientar o primeiro do que hai noticias, pronunciado en Tui no ano 1934 e publicado pola Federación de Mocidades Galeguistas: Berro en lembranza dos herois de Carral. Este mesmo espírito militante sería o do seu derradeiro libro impreso en vida, libro aínda máis doloroso por tratar de quen fora o seu xefe político, amigo persoal e mesmo curmán por matrimonio: [Alexandro Bóveda](#). Apunte biográfico (1983).

É ben coñecido o papel de Xosé María Álvarez Blázquez como editor. En 1950 fundou, con Luís Viñas Cortegoso, a Editorial Monterrey, que conta co mérito histórico de amparar o nacemento da chamada Nova Narrativa Galega publicando os [libros](#) fundacionais de Rodríguez Mourullo. Pero aínda máis importante foi a segunda xeira, iniciada en 1967, das Edicións Castrelos, obra persoal exclusivamente súa. As Edicións Castrelos débeselles o fenómeno da Colección O Moucho, [libros](#) do pobo pra o pobo; pero tamén a popularización da obra de Rosalía e de Curros, e máis aínda da do propio Pondal, que estaba reducida a moi pequenas minorías e se vendeu por milleiros de exemplares na Colección Pombal. E tampouco non se esquecían os contemporáneos: Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neira Vilas, Méndez Ferrín, Xohana Torres ou Manuel María.

• John Rutherford

O doutor Rutherford é Profesor Titular da Facultade de Español, Fellow do Queen's

College e Director do Centre for Galician Studies de Oxford. Dentro da Hispanística o labor académico do doutor Rutherford é recoñecido polos seus traballos sobre a literatura mexicana da época da Revolución; pero é recoñecido principalmente polas súas traducións de obras emblemáticas da literatura española, entre elas La Regenta (Penguin Classics 1984), única tradución ó inglés; e Don Quixote (Penguin Classics 2000), que compite coa de Edith Crossman por ser a mellor tradución ao inglés moderno desta complexa novela. Aspectos literarios da Regenta e do Quixote foron tamén motivo de ensaios, artigos e conferencias do Dr. Rutherford.

Pero non é este o aspecto do seu currículo o que xustifica o nomeamento como Académico de Honra senón a súa vinculación, os seus traballos e as súas actividades referidos a Galicia.

Desde a desaparición do hispanista (tamén oxoniense) Aubrey FitzGerald Bell (1881-1950), autor da Spanish Galicia (1922) foron moi poucos os hispanistas británicos que prestaron atención a Galicia e á súa cultura ata os anos 60. Apareceu despois desa data un grupo deles que volveu poñer Galicia no seu foco, algún por curiosidade intelectual, outros por razóns intelectuais e afectivas; este é o caso de J. Rutherford. Seguramente porque nel se mesturan dos dous intereses é polo que podemos consideralo na actualidade o representante máis destacado do hispanismo británico en relación coa nosa terra. Este interese traducíuse en múltiples traballos e iniciativas.

www.realacademiagallega.org

[Viviendas en A Coruña](#)

Buscador de pisos y chalets de nueva construcción


[Spa galicia](#)

Masajes sensitivos orientales. Spa balnés. Relajación y placer.

Anuncios Google

© [Xornal Galinet S.A.](#) Xornal se edita en A Coruña (España,UE). Ronda de Outeiro, nº421, 1ºB, A Coruña, 15011. Teléfono: (34) 981 91 55 50. Fax: (34) 981 91 55 70. Redacción:

redaccion@xornal.es. Publicidad: comercial@xornal.es

[Puesto del Top 100 gallego](#). Publicación digital controlada por  Alexa